

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA A OFERTA DE PRAZAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DESTINADAS A ESTUDANTES DE ENXEÑARÍAS PARA REALIZAR ESTADÍAS CUADRIMESTRAIS NO CURSO 2023-2024, DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O *GLOBAL EDUCATION: EXCHANGE FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS (GE4)*

Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs, en adiante GE4, é unha rede de universidades que ten como obxectivo promover os intercambios de excelencia de estudantes e docentes no ámbito da enxeñaría. A Universidade de Vigo é unha institución membro do GE4.

Publicada a convocatoria de prazas e bolsas para o curso 2023-24 no marco da participación da Universidade de Vigo no *Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs*, en adiante GE4, aberto o segundo prazo de solicitudes para estadías a realizar no segundo cuadrimestre do curso 2023-24 e tras recibir a comunicación da participación na rede de novas universidades socias, esta reitoría

RESOLVE:

1. Aumentar a oferta de prazas publicadas engadindo as seguintes universidades:

ASIA
Filipinas: Mindanao State University-Iligan Institute of Technology
Filipinas: Saint Louis University
Indonesia: Institut Teknologi Sepuluh Nopember

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño